



# Saúde laboral

## Boletín nº 20

Nº 20 | XULLO 2016 | CIG | GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

www.cigsaudelaboral.org

### SUMARIO

#### ANÁLISE - OPINIÓN

#### ABSENTISMO LABORAL: MENTIRAS E MANIPULACIÓNS

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### OPINIÓN

#### ALONGAMENTO DA VIDA LABORAL, SAÚDE E SUSTENTABILIDADE DO TRABALLO

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### INFORMACIÓ

#### A COMISIÓN EUROPEA PROPÓN MODIFICAR A ACTUAL DIRECTIVA SOBRE CANCERÍXENOS E ESTABELECER NOVOS LÍMITES OBRIGATORIOS PARA TRECE SUBSTANCIAS

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

#### TABOLEIRO

O Tribunal Supremo ratifica a súa doutrina e reconece o dereito a unha indemnización de 446.333,28€ por danos e prexuízos, mais caso de enfermidade profesional acreditada nos adxeridos por Contratos Adx. S.A., por non ter abillado a empresa as mínimas medidas preventivas establecidas.

Enlace á sentenza de marzo de 2016:  
[http://www.poderjudicial.es/fscj/oa/ctm/7action=contenidos&data\\_basemat=1a78&referencia=7833&id\\_novo=esidenc-te%20de%20trabaja%20optimo%20304038&publicar=false](http://www.poderjudicial.es/fscj/oa/ctm/7action=contenidos&data_basemat=1a78&referencia=7833&id_novo=esidenc-te%20de%20trabaja%20optimo%20304038&publicar=false)

O golpe de calor  
Os síntomas do golpe de calor poden pasar desapercibidos ou atribuírse a outra causa, os primeiros síntomas son cansazo, dor de cabeza, mareos, náuseas e vómitos e sequedade da pel, entre outros. Se non se controla a tempo pode desembocar na perda da conciencia, nun colapso cardiorespiratorio e ao final na morte.

Para previlo os médicos aconsellan evitar a exposición ao sol nos horas centrais do día e hidratarse moi ben.  
**Como tratar os golpes de calor:** primeiros auxilios.  
Baixar a temperatura do corpo situando á persoa nun lugar fresco, á sombra e onde corra o aire, refrescar a súa pel con compresas, dille masaxes para estimular a circulación cutánea, faverlle beber auga e sacarlle a roupa. Se presenta unha temperatura superior aos corenta graos, é aconsellable bañalo con auga fría ata que baxen algúns graos. Tan pronto se poida hai que acudir aos servizos de urxencia para revisar o seu estado.

Podería aumentar o número de infeccións hospitalarias  
O pleno do Parlamento Europeo (PE) advertiu que as políticas de recortes con consecuencias de redución do persoal de limpeza nos hospitais, están a provocar un incremento no número de infeccións que contratan os cidadáns europeos cando están ingresados, podendo estar entre un 20% e un 30% das mesmas con maior prevención e hixiene e mellores condicións de salubridade.

Bifenol A  
A Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA, polas súas siglas en inglés), influída polo grupo de presión que integra aos fabricantes europeos de plástico, o lobby Plastics Europe, que conta cun grupo específico para defender a Bifenol A, un contra do que se prevía decidiu a ano pasado que a exposición ao bifenol non representaba un risco para a saúde dos consumidores. Decisión esta que fai tres semanas foi rectificadas en parte pola petición empresa de Holanda, cuxo Instituto de Saúde Pública, presentou dous estudos sobre os efectos prenatals e perinatais do BFA sobre o sistema inmunitario, decidindo a EFSA constituir un grupo de traballo de expertos internacionais para avaliar os achados científicos dos estudos holandeses, que recomentan promover a investigación en produtos alternativos ao BPA e aconsellan aos consumidores que reduzan a súa exposición a este perturbador endócrino.



# Absentismo laboral: mentiras e manipulacIóns

EDITA:  
Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)

Plataforma web para a información e consulta  
en materia de Prevención de Riscos e Saúde Laboral

CO FINANCIAMENTO DE  
FUNDACIÓN  
PARA LA  
PREVENCIÓN  
DE RIESGOS  
LABORALES

DI-0001/2015



**É** común e habitual medir o absentismo laboral atendendo exclusivamente á incapacidade laboral transitoria do/a traballador/a, sen darse conta, ou sen querer facelo, que en termos de definición e concepto, o “absentismo” en xeral e tamén o absentismo laboral, se atendemos á definición da RAE conleva en todos os casos un compoñente de voluntariedade; isto é: quen é absentista é aquel que se ausenta por vontade propia, porque quere; senón é así logo, evidentemente sería outra cousa. Isto é: cando un/unha traballador/a se ausenta do traballo como consecuencia dunha enfermidade ou dun accidente, e os servizos médicos correspondentes establecen un diagnóstico e unha determinada terapéutica para a recuperación da saúde, que inclúe un período de convalecencia e a súa incapacidade temporal acreditada para traballar, até que punto pode ser considerada esa baixa laboral como absentismo? Onde está a voluntariedade inxustificada de ausentarse do/a traballador/a?

Non será que o máis axeitado e oportuno sería cando menos considerar como absentismo laboral aquelas situacións de ausencia voluntaria ao traballo, e que polo tanto non contan coa correspondente, axeitada e certificada xustificación médica?. E dicimos “cando menos”, porque en última instancia a ninguén se lle escapa que directa e indirectamente son moitos os factores e situacións que están na xénese do absentismo laboral “voluntario”, consecuencia en moitas ocasións de insalvables dificultades de conciliación da vida laboral e familiar, condicións de traballo penosas ou extraordinariamente duras, falta de flexibilidade horaria, falta de motivación e incentivos, xornadas de traballo excesivamente longas e mal estruturadas, etc.



En definitiva considerar calquera ausencia ao traballo como absentismo laboral, estea esta acreditada e xustificada ou non, supón na práctica unha interesada distorsión da realidade laboral e das estatísticas, co gallo de cargar as tintas sobre o/a traballador/a ao que se lle acusa veladamente de non asistir ao traballo de unha maneira que podería ser considerada como voluntaria ou intencionada, isto é, utilizando trucos e ardis para evadir a súa responsabilidade e

obrigacións, como se este fose un vago e un defraudador. Cantas veces temos escoitado este argumento por parte da dereita política e empresarial española? Incontables.

Moi ao contrario o que está acontecer é que unha gran parte dos/as traballadores/as accidentados/as ou con baixa laboral por continxencia profesional, o son como consecuencia da negligencia e incumprimento flagrante dos/as empresarios/as do seu deber preventivo en materia de riscos laborais, propiciando eles mesmos a situación de baixa laboral por IT dos/as traballadores/as, aos que posteriormente os dispositivos mediáticos ao seu servizo acusan dun absentismo laboral inxustificado e pseudodelitivo.

Pois ben, en tanto en canto, periódica e sistematicamente o Goberno do PP adícase a criminalizar aos traballadores/as polo terrible delito de caer enfermos, con acusacións de fraude xeneralizado pola simulación de baixas por IT, á vez que magnifica as cifras de absentismo laboral co gallo de manipular a percepción social nesta materia; os datos procedentes de informes doutros países europeos, informes e estudos internacionais ou incluso da propia OCDE, desmenten taxativamente as insistentes mentiras que sobre o absentismo laboral difunden Goberno español e medios de comunicación ao seu servizo, na intención de propiciar, como xa o fixeron no pasado, un estado de opinión pública que lles facilite coa mínima oposición social a implementación de políticas de desregulación e perda de dereitos laborais, así como de redución das coberturas e garantías sanitarias.

O principio aplicado en moitas ocasións por Gebels (ministro nazi de propaganda): *Repite unha mentira mil veces e conseguirás que se convirta en verdade*, aplícase neste caso e noutros, con notable insistencia e reiteración co gallo de acadar os fins previstos: a criminalización e o descrédito da clase traballadora para facilitar o deterioro e endurecemento das condicións de acceso á incapacidade temporal, aos dereitos sanitarios, e á protección social en caso de accidente, enfermidade común ou enfermidade laboral: novo Decreto Lei das mutuas e o Real Decreto 625/2014 de xestión da incapacidade temporal (IT), e no seu conxunto a totalidade dunha infame reforma laboral.

Sen dúbida algunha o absentismo laboral é un fenómeno que pode chegar a ter un peso específico importante na estrutura de custos e na produtividade das empresas, así como na viabilidade económica dos sistemas de protección



social. É evidente que a todos interesa, empresas, traballadores e administración, non sempre polas mesmas razóns, que o absentismo laboral se manteña en parámetros o máis baixos posibles, mais iso si, sen baixalos forzada e artificialmente a base de conculcar dereitos laborais e sociosanitarios dos/as traballadores/as en aras dun maior beneficio das empresas.

Non é de recibo que por unha banda se deteriorenen e endurezan até límites insospeitados as condicións de traballo, se precarice terriblemente o emprego e se incumpra sistematicamente a normativa laboral en materia de prevención de riscos, e por outra, se manteña o discurso de que temos un absentismo laboral excesivo e que este en gran medida é consecuencia das simulacións e o fraude que fan os/as traballadores/as nesta materia. A auténtica verdade, a pura realidade é como agora veremos, que o absentismo laboral nin é excesivamente alto, manténdose no caso do Estado español na parte media do ranking de absentismo laboral europeo, nin os/as traballadores/as son uns simuladores de enfermidades; mais ao contrario, dende a recente reforma laboral do PP, os/as traballadores/as vense continuamente sometidos por parte das empresas a condicións de traballo altamente nocivas, a sistemas de contratación precarios con xornadas de traballo desestruturadas, a remuneracións salariais miserables, importantes sobrecargas de traballo e a todo tipo de riscos laborais consecuencia dunha fonda e estrutural regresión na aplicación de medidas de prevención de riscos laborais nas empresas; a pesares do cal por medo a perder o seu emprego, en moitas ocasións os/as traballadores/as seguen asistindo ao seu traballo enfermos/as ou non totalmente recuperados das súas doenzas. Ademais, o significativo envellecemento da poboación traballadora que está a experimentar o mercado laboral, actúa sen dúbida como un factor propiciador do incremento das baixas por IT e dunha maior duración das mesmas.

Así as cousas, máis aló dos argumentos tendenciosamente falsos e hipócritas esgrimidos tanto polas patronais empresariais como pola antisocial dereita neoliberal encarnada polo PP, que pretenden condicionar o estado de opinión do conxunto da sociedade neste tema, é evidente que a mellor forma de non sobrecargar o “sistema” pasa -ao contrario do que están a facer-, por mellorar a calidade de vida dos/as traballadores/as, por mellorar unhas condicións de traballo que tanto se empeñaron en deteriorar, e por esixir o estrito cumprimento da normativa preventiva nas empresas, en lugar de criminalizar e manipular a realidade en favor dos seus espúreos e inconfesables intereses: asegurar o beneficio económico das empresas por riba dos dereitos e a saúde dos/as traballadores/as.

Se accedemos a EUROESTAT poderemos comprobar que non existe unha soa estatística ou base de datos especificamente adicada ao análise do absentismo laboral en Europa. Pois ben, ante esta situación é a propia OIT quen denuncia a caótica situación que está a experimentar a recollida de información, o análise e o estudio do absen-

tismo laboral, expoñendo que: *“aínda que a maioría dos países elaboran estatísticas sobre as horas traballadas, cuestións como a cobertura dos/as traballadores/as ou os períodos de referencia utilizados varían substancialmente como consecuencia da utilización de distintas metodoloxías e parámetros de medición; contrariamente ao que acontece coas estatísticas sobre o tempo de traballo, son poucos os países que compilan estatísticas sobre a ordenación do tempo de traballo ou sobre o total de horas anuais traballadas. A pesares da necesidade de dispoñer de ditas estatísticas, é pouco frecuente que os servizos estatais de estatística calculen ou fagan estimacións destes conceptos, debido quizais á falta de orientacións ou consenso a nivel internacional sobre como deben definirse e calcularse.”*



Así as cousas se non existe unha metodoloxía única, nin existe acordo sobre os conceptos que se deben incluír na denominación de *absentismo laboral*, nin sobre a estandarización de parámetros a utilizar, de tal xeito que cada estado, cada sector de produción ou cada institución que aborda un estudio ten a súa propia metodoloxía e vara de medir; como entón poden equipararse e compararse as medicións sobre o absentismo laboral entre os distintos estados cando non existe un sistema normalizado de recollida e tratamento da información?. Se cando se comparan os datos de absentismo laboral do Reino Unido, Francia, Alemaña ou Italia cos que elabora no Estado español o Instituto Nacional de Estatística, resulta que non se utilizaron en todos os casos os mesmos parámetros, nin as mesmas variables, nin os mesmos criterios de cómputo e medición. De que depende o “resultado” de tan atrevido “estudo”? Pois basicamente de quen o encargue e para que, de tal xeito que o resultado moi probablemente virá sesgado en función de cales sexan as súas agochadas intencións.

En definitiva, tal e como remarca e denuncia a OIT: *sen consenso metodolóxico e sen normalización do sistema de recollida e tratamento da información é imposible realizar unha comparativa rigorosa e fiable sobre o absentismo laboral entre distintos estados.* O demais no mellor dos casos son intentos vans con grandes marxes de erro, cando

non burdas manipulacións ao servizo de espúreos e inconfesables intereses.

Informes, documentos e noticias aparentemente serias e ben fundamentadas, como o “IV informe Adecco” de xuño do 2015 que afirma que o Estado español ocupa o 2º lugar en nivel de absentismo entre oito países da OCDE, por certo escollidos para este estudo de entre o total dos seus 34 membros non se sabe moi ben como nin por que. Afirmacións como a publicada na páxina web de *libremercado.com* o 20 de outubro do ano 2015: “O impacto do absentismo laboral no Estado español ten sido tradicionalmente máis alto que noutros países desenvolto. A media de días perdidos no período 1960-2010 chega a 11,4 fronte aos 8,4 de Finlandia, aos 7 de Dinamarca ou aos 6,5 de Canadá”. Ou declaracións do pasado recente da vicepresidenta e distintos ministros do Goberno do PP, así como dos últimos presidentes da patronal empresarial CEOE insistindo na idea da *gravidade da situación do absentismo laboral no Estado que duplica a taxa europea e mina de maneira importante a competitividade*, intentan proxectar unha visión alarmista e distorsionada da realidade.

Efectivamente, dende fai xa uns anos diversos informes científicos dotados do rigor necesario e sen outro interese que aportar información fiable e veraz, desminten taxativamente a propaganda tendenciosa e infundada difundida pola dereita neoliberal española nesta materia. Así por exemplo, o informe titulado “Avaliación das medidas de racionalización e mellora da xestión da Incapacidade temporal” elaborado pola pública “Agencia de Evaluación y Calidad” no ano 2009 afirma: *En comparativa internacional, España presenta un nivel de protección en incapacidade temporal intermedio; un baixo nivel de absentismo e un gasto que se mantén relativamente estable en relación ao PIB.*

Posteriormente, facéndose eco destes e outros informes, a revista económica “Presupuesto y Gasto Público” afirmaba: *España non presenta unha situación especialmente problemática en Incapacidade Temporal, se se compara cos países da nosa contorna. Os datos proporcionados pola “Enquisa Europea de Condicións Laborais” amosan uns niveis de absentismo laboral e unha duración media dos procesos relativamente baixa.*

No informe de 276 páxinas da Universidade de Salamanca dirixido polo profesor e investigador Miguel Ángel Malo: “La medición del absentismo: estimaciones desde la perspectiva de las empresas y de las vidas laborales”, pode



lerse textualmente: “a comparación internacional suxire que España presenta unha taxa de incidencia do absentismo (IT) inferior á media dos países europeos e que hai determinados factores que teñen unha influencia notable no absentismo: as horas de traballo, a xornada laboral e a existencia de contratos flexibles. En xeral parece que o absentismo é máis sensible aos factores relacionados coas empresas e os termos contractuais que ás características individuais”.

Asemade, o Fondo Monetario Internacional –pouco sospeitoso de ser un organismo esquerdo e de corte anticapitalista– no seu informe sobre Finlandia publicado en novembro do ano 2015 (fai apenas 6 meses), realiza unha comparativa do absentismo laboral por enfermidade entre 27 países da OCDE no período 2003-2012, medido en semanas laborais perdidas ao ano por traballador/a. Pois ben como consecuencia de dita comparativa pódese comprobar que o Estado español atópase exactamente na media do absentismo laboral europeo, extraordinariamente alonxado dos

postos de maior absentismo laboral en Europa, tal e como pretende confundir e manipular informativamente a dereita neoliberal española tanto no ámbito político como empresarial.

Así as cousas, se informes recentes de anos anteriores da propia OCDE (2008, 2010, 2012) sitúan ao Estado español na parte intermedia do absentismo laboral en Europa e moi alonxada das posicións de cabeza; se os datos proporcionados polo ICAMS

(Institut Catalá d’Avaluacións Médiqes i Sanitarias) amosan una substancial redución da situación de incapacidade laboral por continxencias comúns dende o ano 2008 ao ano 2012 situándose en 9’9 días por traballador/a e ano; se un organismo público estatal dependente da propia Presidencia do Goberno como é a “Agencia de Evaluación y Calidad” afirma ao igual que a *Enquisa Europea de Condicións Laborais*, que o nivel de absentismo laboral no Estado español sitúase nun nivel baixo; se o propio Fondo Monetario Internacional nunha recente comparativa sobre absentismo laboral entre países da OCDE sitúa ao Estado español xusto na parte media da táboa, etc.; como a dereita española pode seguir enganando de tal maneira ao conxunto da poboación?

É palpable e evidente que a campaña de falsedades e manipulación informativa levada a cabo polo Goberno do PP e as patronais empresariais españolas nesta materia, obedecía sen dúbida a unha estratexia claramente antisocial e antidemocrática fundamentada nunha forma de corrupción ética e moralmente deplorable, cuxo fin último era a facili-



tación da derogación de dereitos e garantías laborais dos/as traballadores/as apoiada na súa planificada criminalización, afianzando as súas propias posicións ideolóxicas clasistas e ultraliberais e fortalecendo o seu poder político, no obxectivo final de favorecer a unha minoría social fronte a unha gran maioría traballadora, sometida e desprotexida fronte as empresas mediante unha reforma laboral brutal e de todo punto inxustificable.

Temos que seguir alerta. O proceso sistemático de ataque aos dereitos laborais e sociais da clase traballadora, sen dúbida forma parte dunha ofensiva neoliberal a nivel planetario que pretende agudizar os procesos de concentración de capital e riqueza nas mans duns poucos, incrementar exponencialmente as desigualdades e facer da clase traballadora unha inmensa lexión de escravos laborais sumidos na pobreza e a desprotección.

A continua deturpación da democracia, da igualdade e da xustiza social só é posible realizala a través do adormecemento e anestesia do sentido crítico e social do conxunto da cidadanía, cuestión esta que só é posible levar a cabo mediante a masiva manipulación informativa á que continuamente nos vemos sometidos polos medios de comunicación do “sistema”, do “seu sistema”.

Iniciativas como a reforma laboral e educativa, os recortes en prestacións sociais e sanitarias, o saqueo do fondo de pensións, as políticas de latrocinio hipotecario, as preferentes e os rescates multimillonarios a entidades financeiras, entre outras moitas, son consecuencia da desmedida avaricia de bancos e corporacións multinacionais politicamente apoiados a nivel mundial pola ideoloxía conservadora e dereitista de corte neoliberal. No marco dunha Europa politicamente gobernada por formacións ultraconservadoras, cunha Comisión Europea controlada por estes e ao servizo do gran capital transnacional, os intentos por seguir avanzando e consolidando o asoballamento das clases traballadoras continuarán cara adiante: a noxenta e antidemocrática negociación do Tratado Internacional de Libre Comercio (TIPP), as políticas de recorte económico e contracción do gasto público ou as *leis mordaza* de recorte de liberdades, son unha parte fundamental desta brutal e inhumana estratexia. Ante este desafío, as clases traballadoras, as súas familias e os seus fillos, só temos un camiño: organizarnos e loitar. Loitar pola verdade, loitar pola honestidade, loitar pola xustiza social e a igualdade, loitar polos dereitos laborais e a democracia,... loitar pola humanidade.

## INFORMACIÓN

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

# Alongamento da vida laboral, saúde e sustentabilidade do traballo

**O** progresivo envellecemento da poboación que está a sufrir Europa nos últimos anos sumado á continua redución de persoas dispoñibles en idade de traballar, plantexa a curto, medio e longo prazo diversos problemas de xestión do traballo e do mantemento da protección social que é necesario abordar dende unha perspectiva de consenso político, equilibrio económico e xustiza social.

No caso español cunha brutal e desbordante taxa de paro e unha reforma laboral ultraneoliberal que ten destrozado o equilibrio até agora existente en materia de relacións laborais, a problemática creada a resolver é quizais dunha maior complexidade técnica, mais tamén dunha extraordinaria urxencia social.

A voadura unilateral do pacto social até agora existente por parte do PP a través da súa maioría absoluta no parlamento español, ten orixinado unha perigosa descompensación de contrapoderes

entre empresas e traballadores/as, cuxas desastrosas consecuencias son netamente visibles en termos de desregulación, precarización e deterioro, dun mercado laboral caracteri-

zado pola flagrante indefensión e a masiva perda de dereitos do conxunto da clase traballadora. Cuestión esta que está a provocar unha importante fractura social fraguada no crecemento exponencial das desigualdades e no modelo político social das dereitas europeas, extremistas e radicais nos seus posicionamentos ultraliberais e neoconservadores, no marco duns procesos de globalización e mundialización de economías cada vez máis financeiras e especulativas, cuxa apetencia pola concentración de poder e capital non ten límites nin sociais, nin



éticos, nin políticos. A sacralización do diñeiro e o poder por enriba da vida, a saúde e o benestar das maiorías sociais que están a exercer este tipo de gobernos conservadores, vulneran e baleiran de contido o sentido político-social das democracias, converténdolas en meros modelos formais dunha suposta participación cidadá na xestión e a gobernanza política, económica e social. Pura e noxenta farsa .

Deixando polo de agora o contexto político-social no que se está a desenvolver esta “crise”, na que unha das súas consecuencias é o incremento da poboación traballadora de máis de 55 anos; a realidade é que derivado das políticas de austeridade e destrución do emprego levadas a cabo até agora, os sistemas de pensións europeos e moi especialmente



o sistema español de pensións e seguridade social está a sufrir unha extraordinaria presión debido en gran medida á actual baixa recadación e a continua descapitalización ao que está sometido polo goberno do PP, empeñado como está en potenciar e forzar a toda costa o lucrativo negocio dos seguros privados de pensións. Se a isto lle sumamos o previsible aumento do gasto en atención sanitaria e asistencia social como consecuencia do incremento da poboación envellecida, a situación debuxada require dunha mudanza radical das políticas seguidas até

agora, tanto en termos de xestión como do deseño estrutural do sistema, en aras de garantir a súa fortaleza e viabilidade sen prexudicar á maioría social traballadora, nin incorrer como até agora no afondamento e multiplicación das desigualdades e das inxustizas sociais.

Inopinadamente nos últimos tempos a Comisión Europea séntese extraordinariamente preocupada polo estado de saúde dos/as traballadores/as de maior idade, cando o certo é que nos últimos anos coincidindo coa maioría conservadora e neoliberal propiciada polos gobernos de dereitas de distintos países europeos, estívose a levar a cabo unha política de clara involución en materia de prevención de riscos e saúde laboral, baixo escusa de non sobrecargar os custos das empresas e así facilitar

unha mellor saída da situación de crise económica. A realidade é que neste período unha maioría de entidades financeiras multiplicaron os seus beneficios tras o rescate que se lles realizou con fondos públicos, e que unha gran cantidade de empresas incrementaron en positivo os seus resul-

tados económicos como consecuencia dunha reforma laboral que deixou no paro e na indixencia a millóns de traballadores/as, convertendo a outros moitos en auténticos escravos laborais, pobres e precarizados por unha lexislación laboral medieval propia dos sistemas políticos non democráticos, que poñen os intereses económicos duns poucos por enriba da saúde e o benestar da gran maioría social traballadora.

Así as cousas a solución proposta pola dereita europea ao servizo do gran capital, fundaméntase en ex-

primir até as súas últimas consecuencias a vida laboral dos/as traballadores/as. No caso concreto do Estado español o PSOE antes, e agora o PP, iniciaron a senda das reformas laborais que en última instancia condenan a millóns de traballadores/as a unha vida de miseria e precariedade, obrigándoos a a traballar até os 67 anos de idade. Idade que na maioría dos casos conleva a aparición de moitas incapacidades e progresivas minusvalías vitais, apenas deixando no mellor dos casos uns poucos anos para “disfrutar” dunha merecida xubilación logo de toda unha vida de traballo, iso si cunha pensión pobre e miserable derivada da imposibilidade na inmensa maioría dos casos de poder completar unha inalcanzable cotización de 38 anos, coas correspondentes penalizacións por ano non cotizado, e por outra, a causa dos baixísimos salarios con bases de cotización ridículas que sen dúbida asegurarán unhas pensións tercermundistas para a maioría dos/as traballadores/as que veñen detrás. Salarios de escravos, pensións de escravos, e grazas -diría algunha clarividente voz ultraliberal-. Podería ser peor.

Nunha sociedade realmente democrática e libre, socialmente cohesionada, solidaria e inclusiva, onde a xustiza e a igualdade sexan de verdade principios constitucionais fundamentais e non meros elementos ornamentais destinados a “contentar” e manter desmobilizada á gran maioría social, as políticas de xubilación e pensións cobran unha especial e transcendental importancia.

A estas alturas ninguén minimamente informado ten dúbidas sobre que a orixe da mal chamada “crise económica”, é resultado en gran medida da aplicación a ultranza de políticas capitalistas ultraliberales fundamentadas na especulación financeira non produtiva, e prioritariamente destinadas a unha acumu-



lación e concentración de capital sen límites nin parangón algún na historia da humanidade. Especulación financeira esta que por unha banda está a producir un fondo de equilibrio na distribución das renda a nivel planetario, xerando e incrementando notablemente as desigualdades económicas e sociais, á vez que ten socavado a economía produtiva no seu conxunto.

Non é de recibo que os/as traballadores/as de maior idade se vexan obrigados a alongar de maneira forzada a súa vida laboral, incluso en situacións penosas e perniciosas para a súa saúde, so pena en caso de non facelo de verse abocados a unha exígua xubilación calculada en base á esixencia dun extenso período de cotización á S.S. (38 anos), practicamente imposible de cubrir para a gran maioría dunha boa parte da actual poboación traballadora. Xa non digamos para os/as traballadores/as menores de 30 anos que terán que sumar aos longos períodos de paro, salarios irrisorios con bases de cotización extremadamente raquícas.

Se como dicíamos o dereito a unha xubilación digna e polo tanto suficiente para subsistir logo dunha vida de traballo, debe ser un dereito fundamental e inalienable nun estado democrático e de dereito que aspira a ser socialmente xusto e cohesionado; cando o proceso biolóxico e natural de envellecemento reduce e limita as nosas facultades e capacidades, cando máis necesitamos dunha axeitada cobertura social e sanitaria, non

podemos ser tratados como mera mercadoría laboral “desechable” e doadamente substituíble a baixo custo. Xa sabemos que esa é a lóxica de mercado neoliberal de quen actualmente nos goberna, mais sen xustificación algunha nunha sociedade que se considere minimamente xusta, solidaria e democrática.

A todas luces resulta conveniente e necesario restituír cando menos a idade de xubilación aos 65 anos, así como reducir no posible e a uns tempos ponderados a cotización necesaria para ter dereito ao 100% das prestacións por xubilación. Asemade, o alongamento da vida laboral debe ter un carácter estritamente voluntario, e sempre e cando este feito non comprometa a saúde do/a traballador/a maior.

É evidente que unha política razoable de xubilación favorecería non só unhas maiores taxas de reposición a nivel de emprego, senón que incidiría positivamente na calidade do mesmo se este se efectuase a través do modelo de “contrato de relevo”, o que permitiría ao traballador/a entrante manter as condicións laborais do/a traballador/a saínte.

Son moitas e posibles o conxunto de medidas que se poden abordar para garantir a viabilidade do sistema de pensións. Dende a fiscalidade directa e indirecta aplicada cunha estrutura realmente progresiva, até o pago de taxas ou impostos específicos que complementen as arcas dunha S.S. tan horriblemente xestionadas nos últimos tempos polo Goberno do PP.

Na base desta orientación está a importancia social e socioeconómica que realmente lle outorgamos a garantir un sistema viable e digno de xubilacións públicas, o cal podería nutrirse de fondos complementarios aportados polo conxunto da sociedade en función das capacidades e posibilidades económicas de cada

quen, en tanto en canto a restitución do emprego en termos de cantidade e calidade (maiores salarios e maiores cotizacións á S.S.) non fose suficiente para autofinanciar un sistema de protección social, á postre tan esencial e imprescindible para a gran maioría social traballadora.

Xa sabemos, resulta meridianamente claro pola súa insistencia e contumacia nas posicións políticas adoptadas e reiteradamente manifestadas, que a dereita neoliberal representada polo Goberno do PP avoga polo desmantelamento progresivo do sistema público de pensións, apostando como sempre por favorecer -aos “amigos” e a si mesmos- a través do lucrativo negocio dos plans de pensións privadas que, xunto coa pasada especulación inmobiliaria, o negocio farmacéutico, o enerxético, o químico e o da seguridade e armamento, constitúen sen dúbida os nichos de negocio internacional coa mellor correlación custo-beneficio e menor risco, cuestión esta que ao final é o único que lles interesa para seguir a engordar sen límites os seus xa enchidos e rebosantes petos. Farían ben en pensar que a avaricia remata por rachar o saco.

Botada unha pouca de luz sobre a cuestión das pensións e as xubilacións como factores de extraordinaria importancia en materia de risco psicosocial, voltamos a centrarnos na problemática da sustentabilidade e o envellecemento da poboación traballadora dende outra perspectiva preventiva.





A presente crise económica xerada pola avaricia desmedida das entidades financeiras e a aposta política por unha economía especulativa en detrimento da economía produtiva, teñen desenvocado na minoración e deterioro desta última, con terribles e extensas consecuencias en termos de emprego, igualdade, xustiza social e distribución da renda; provocando unha acusada concentración de capital, un deterioro da recadación impositiva e dos servizos públicos, e un empobrecemento sen parangón da gran maioría social traballadora.

Así, moitos dos dispositivos que nun pasado recente protexeron aos traballadores/as maiores dunhas malas ou penosas condicións de traballo ao final da súa vida laboral, hoxe por hoxe son inexistentes ou ineficaces para realizar esta función como consecuencia da reforma laboral. Os cambios na organización do traballo, os postos que conlevan posicións incómodas ou dolorosas, a imposibilidade de conciliar vida laboral e familiar, a sobrecarga de traballo, os sobreesforzos músculo-esqueléticos, os altos ritmos de traballo ou a falla de perspectivas profesionais, son ao final factores recorrentes que por si sós, entre outros moitos, explican a non sustentabilidade do traballo para unha boa parte dos/as traballadores/as de maior idade; canto máis, se como agora se pretende, alongar forzosamente a súa vida laboral.

Se ben é certo que non todas as profesións e postos de traballo teñen as mesmas esixencias, tipos de traballo como os de baixa cualificación, as profesións manuais con esixencia física, os riscos psicosociais asociados a profesións de alta cualificación ou as diferencias derivadas do xénero



do/a traballador/a, inflúen directamente na sustentabilidade do traballo aconsellando un enfoque diferenciado e adaptado para cada traballador/a en función das súas características psicofísicas, a súa saúde e as esixencias da súa actividade laboral

Xa no recente estudo da *Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e de Traballo*: “Traballo sostible e envellecemento da poboación activa” -baseado nunha quinta Enquisa europea sobre as condicións de traballo, que considera cinco ámbitos do traballo que amosaron ser esenciais para entender a sustentabilidade deste- afirmase que a pesares do obxectivo estratéxico de envellecemento activo marcado pola Unión Europea co gallo de incrementar a taxa de emprego dos/as traballadores/as entre 55 e 64 anos, existe “unha percepción xeneralizada de que tales obxectivos non poden alcanzarse sen unha mellora notable das condicións de traballo”.

Esta acertada apreciación “tales obxectivos non poden acadarse sen unha mellora notable das condicións de traballo”, debería facernos reflexionar e considerar que se no resto dos estados europeos, en moitos dos cales existe unha cultura, unha tradición e unha practica preventiva de maior calidade e mellor nivel que no Estado español, non é aconsella-

ble implantar a obrigatoriedade do alongamento da vida laboral sen antes abordar unha notable mellora das condicións de traballo, cal sería a recomendación para o Estado español con peores condicións de traballo e sen unha auténtica cultura e tradición en materia de prevención de riscos laborais? A resposta é obvia e preocupante: implantar esta medida conlevará un incremento substancial dos

riscos laborais para os/as traballadores/as de maior idade, forzados como están na maioría dos casos a alongar a súa vida laboral se queren disfrutar dunha pensión minimamente digna.

No estudo da *Fundación Europea para a Mellora das Condicións de Vida e de Traballo*: “**Traballo sostible e envellecemento da poboación activa**”, as análises realizadas amosan que estatisticamente os oito factores clave que determinan a sustentabilidade do traballo son: Traballo con prazos moi axustados; desequilibrio entre os horarios laborais e outros compromisos; pouca liberdade no traballo; escaso apoio social no traballo; malas perspectivas profesionais, e inseguridade no posto de traballo.

De seguido procedemos a expoñer algunhas das conclusións ás que se chegou neste estudo:

- Os indicadores relativos a problemas de saúde, como dores articulares e músculo-esqueléticos ou dificultade para durmir e descansar suficientemente, incrementan notablemente a súa incidencia no grupo de traballadores/as maiores de 55 anos (T+55), supoñendo en moitos casos unha porta de saída forzada do mercado laboral.



- Determinadas características do traballo están vinculadas estatisticamente coa tendencia xeral de deterioración da saúde nos/as traballadores/as de maior idade: desequilibrio entre os horarios laborais que reducen as posibilidades de conciliar coa vida persoal e familiar, posturas forzadas, posicións incómodas e dolorosas, malas perspectivas profesionais e escaso apoio social (sobre todo no caso dos homes).
- A insatisfacción coas condicións de traballo, aínda alcanzando estatisticamente o seu valor máximo no grupo de idades entre os 45 e os 54 anos (maior concentración de traballadores/as), ten unha gran relevancia nos T+55 e especialmente en ocupacións de baixa cualificación e ocupacións manuais de cualificación media.
- A autoavaliación do estado de saúde é especialmente escasa entre os/as traballadores/as maiores de carácter manual con cualificación media e os/as traballadores/as de baixa cualificación. Os factores principais vinculados aos problemas de saúde físicos e psicolóxicos son as posicións dolorosas, un horario de traballo insatisfactorio, traballo con prazos moi axustados e escasas perspectivas profesionais.
- As posicións dolorosas, o traballo nocturno ou por quendas e a escasa conciliación entre vida laboral e persoal son os principais motivos polos que os/as traballadores/as de maior idade consideran que o seu traballo conleva riscos que afectan negativamente á súa saúde.
- Unha considerable terceira parte dos/as traballadores/as de entre 50 e 54 anos de idade pensan que non poderán traballar ata os 60 anos, ou afirman que non lles gustaría realizar o mesmo traballo ata entón. Esta valoración é máis frecuente entre as mulleres con ocupacións manuais de cualificación media (55 %) e ocupacións de baixa cualificación (54 %), en comparación cos directivos e os profesionais homes (17 %) e os profesionais intermedios en xeral (25 %).
- Os principais motivos alegados polos/as traballadores/as para considerar que non poderán realizar o mesmo traballo ata os 60 anos son: as posturas forzadas con posicións dolorosas, a escasa conciliación entre a vida laboral e persoal, a percepción de inseguridade no emprego e as malas perspectivas profesionais.
- Practicamente un 30% dos/as traballadores/as maiores de 50 anos desexarían reducir o número

de horas de traballo da súa xornada laboral alegando principalmente problemas coas posturas forzadas, desequilibrios entre a vida persoal e o traballo, así como un escaso apoio social.

Así as cousas, impoñer unilateralmente e de xeito acrítico o alongamento forzado da vida laboral dos/as traballadores/as, baixo a premisa de que esta é a única saída posible para a viabilización económica do sistema público de pensións, non só constitúe unha evidente falsidade que fundamentalmente responde a unha determinada visión política e social, senón que asemade constitúe unha cuestionable medida que entre outras consideracións, somete e expón aos traballadores/as de maior idade a una importante cantidade de riscos laborais que poden derivar en desagradables ou incluso fatais consecuencias para a súa vida e integridade.



## INFORMACIÓN

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

# A Comisión Europea propón modificar a actual directiva sobre canceríxenos e establecer novos límites obrigatórios para trece substancias

**O** cancro de orixe laboral é unha enfermidade devastadora en termos humanos, económicos e sociais, calculando a propia Comisión que só co establecemento dos valores límite contemplados nesta iniciativa, poderán salvarse nos vindeiros 50 anos máis de cen mil vidas de traballadores e traballadoras, tendo en conta que no marco da UE uns vinte millóns de traballadores/as poderían estar expostos a algunha das substancias carcinógenas que se van abordar nesta proposta. Hai que ter en conta que o tempo entre a exposición a un carcinóxeno no lugar de traballo e o inicio da enfermidade pode ser até de 50 anos, polo que as estimacións realizadas en relación a incidencia deste tipo de patoloxías, baséase nas perspectivas de exposición, métodos de produción e os coñecementos médicos.

É evidente que a exposición laboral a algunhas substancias pode producir distintos tipos de cancro que, en si mesmo é unha enfermidade complexa na que aínda que en moitas ocasións é difícil determinar as súas causas e orixe, no caso dos cancros profesionais pódense previr eliminando ou cando menos reducindo a exposición do/a traballador/a ás substancias que os producen.

O establecemento da posible carcinogenicidade para os seres humanos dos axentes químicos, non é unha tarefa sinxela. Os estudos epidemiolóxicos, os estudos experimentais de carcinogenicidade sobre animais e outros estudos toxicolóxicos, tales como os estudos de xenotoxicidade, permiten obter datos sobre o potencial carcinógeno das diferentes substancias e preparados, pero as evidencias que aportan ditos datos non son as mesmas en todos os casos; circunstancia que xustifica o establecemento de diferentes categorías de carcinógenos en función do nivel de evidencia proporcionado polos datos dispoñibles.

Dado que as categorías de carcinógenos non foron aínda unificadas, existen diversas clasificacións de axentes químicos carcinógenos que non sempre son equivalentes, destacando como máis importantes: a clasificación da *Axencia Internacional para Investigación sobre o Cancro* (IARC); a clasificación da *Conferencia Americana de Hixienistas Industriais do Goberno* (ACGIH), e a *Clasificación da Unión Europea* (UE), que é a de referencia legal nos Estados membros para todas as disposicións relativas a este tipo de axentes.

A vixente Directiva europea 90/394/CEE relativa á protección dos/as traballadores/as contra os riscos relacionados coa exposición a axentes carcinógenos durante o traballo, non presenta unha relación completa dos produtos químicos que deben ser obxecto das súas disposicións, xa que maioritariamente identifica exclusivamente a aqueles que teñen atribuído o risco específico de poder producir cancro na lexislación comunitaria sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias e preparados perigosos.

Para protexer aos traballadores/as fronte a tales riscos, a UE adoptara no seu momento a Directiva 2004/37/CE sobre carcinógenos e mutágenos, na que se indicaban as me-


didias que deberían adoptarse para eliminar ou limitar a exposición a substancias canceríxenas. Actualmente ante a necesidade de establecer no marco desta Directiva valores límite para diversos carcinógenos, a Comisión iniciou unha avaliación científica e económica de máis de vinte substancias prioritarias, cuxo obxectivo é establecer agora valores límite para trece das substancias declaradas prioritarias, pospoñendo para finais do ano 2016 unha nova proposta de valores límite para outras substancias aínda en fase de estudio.

Se temos en conta que o cancro é a primeira causa de mortalidade laboral na UE cun 53 % do total, sendo o maior risco individual para a saúde dos/as traballadores/as na Unión Europea, fronte ao 28 % debido a enfermidades cardiovasculares ou o 6 % que supoñen as enfermidades respiratorias; resulta imprescindible mellorar a protección dos/as traballadores/as contra os carcinógenos e mutágenos químicos, limitando a súa exposición nos lugares de traballo.

Nesta proposta están incluídos trece carcinógenos, como a sílice cristalina respirable, os compostos de cromo VI, as serraduras de madeiras duras ou a hidracina, que sen dúbida afectan a un gran número de traballadores/as na UE, e que se consideraron prioritarios pola alta correlación existente entre o número de traballadores/as expostos/as a estes e os casos de cancro.

No caso da sílice cristalina respirable, a Comisión propón incluíla na Directiva como unha substancia resultante, un po que se produce en procesos produtivos como a minería, a explotación de canteiras, a perforación de túneles ou ao cortar, esmagar ou pulverizar materiais que conteñen sílice, como formigón, ladrillos ou rochas. Algunhas empresas, poucas, controlan ben as concentracións desta substancia no aire, apoiadas nun acordo específico cos sindicatos, o que non modifica que siga a ser unha das principais causas de silicose e de cancro de pulmón de orixe profesional, especialmente no sector da construción no que se concentra o 70% dos traballadores expostos a esta substancia.

De seguido pasamos a expoñer unha táboa cos sectores, tipos de cancro causado e niveis de exposición calculados para 13 axentes químicos baixo consideración.





AXENTES QUÍMICOS	LÍMITES DE EXPOSICIÓN PROFESIONAL PROPOSTOS	SECTORES RELEVANTES	TIPOS DE CANCRO CAUSADOS / OUTRAS ENFERMIDADES	NÚMERO DE TRABALLADORES/AS EXPOSTOS/AS
1,2-Epoxipropano	2,4 mg/m <sup>3</sup>	Fabricación de produtos químicos; lubricantes sintéticos, produtos químicos de perforación de xacementos petrolíferos; sistemas de poliuretano	Cancro linfopoiético, cancro hematopoiético, maior risco de leucemia	485-1,500
1,3-Butadieno	2.2 mg/m <sup>3</sup>	Fabricación de produtos refinados de petróleo, fabricación de produtos de caucho	Cancro linfohematopoiético	27.600
2-Nitropropano	18 mg/m <sup>3</sup>	Fabricación de produtos químicos básicos, fabricación de aeronaves e naves espaciais	Tumores hepáticos	51.400
Acrilamida	0,1 mg/m <sup>3</sup>	Fabricación de substancias e produtos químicos, educación, investigación e desenvolvemento, outras actividades empresariais, de saúde e asistencia social, administración pública e defensa.	Cancro pancreático	54.100
Bromoetileno	4,4 mg/m <sup>3</sup>	Produtos químicos e produción de aleacións; produción de caucho e plástico; coiro e produción de coiro; produción de metal para o comercio maiorista	Cancro de fígado	n/A
Compostos de cromo (VI)	0.025 mg/m <sup>3</sup>	Produción e uso de pigmentos que conteñen cromo, pinturas e recubrimentos de metal. Compostos de cromato, incluíndo cromato de bario, cromato de zinc, cromato de calcio, que poden ser empregados como capas de base e capas de acabado no sector aeroespacial.	Cancro de pulmón e cancro dos senos paranasais	916.000
Óxido de etileno	1,8 mg/m <sup>3</sup>	Extracción de petróleo cru e gas natural; actividades de servizos relacionadas coa extracción de petróleo e gas; elaboración de produtos alimenticios, téxtiles, produtos químicos, médicos, de precisión e instrumentos de óptica, reloxos; hospitais e esterilización industrial; I + D; administración pública e defensa; educación; saúde e asistencia social	Leucemia	15.600
Serraduras de madeiras duras	3 mg/m <sup>3</sup>	Industria da madeira, sectores de fabricación de mobles e construción.	Cancros sinusais e nasofarínxeas	3, 333 000
Hidrazina	0,013 mg/m <sup>3</sup>	Axentes de expansión químicos; praguicidas agrícolas; tratamento de augas	Cancro de pulmón e colorrectal	2,124,000
o- Toluidina	0,5 mg/m <sup>3</sup>	Fabricación de químicos, produtos químicos e fibras artificiais ou sintéticas; fabricación de produtos de caucho; Investigación e desenvolvemento; administración pública e defensa; educación; saúde e o traballo social.	Cancro de vexiga	5.500
Sílice cristalina respirable (RCS)	0,1 mg/m <sup>3</sup>	Minería, fabricación de vidro, construción e electricidade, gas, industrias de suministro de vapor e auga quente.	Cancro de pulmón, silicose	5,300,000
Fibras cerámicas refractarias (RCF)	0,3 f/ml	Fabricación (produción de fibra, acabado, instalación, eliminación, operacións de montaxe, mestura/conformado)	Efectos adversos respiratorios, irritación cutánea e ocular; posiblemente cancro de pulmón	10.000
Monómero de cloruro de vinilo (VCM)	2,6 mg/m <sup>3</sup>	Fabricación de substancias e produtos químicos (VCM e a produción de PVC)	Anxiosarcoma, carcinomas hepatocelulares	15.000

O **Tribunal Supremo** ratifica a súa doutrina e recoñece o dereito a unha indemnización de 446.531,38€ por danos e prexuízos, nun caso de enfermidade profesional acontecido nos asteiros *Izar Construcións Navais S.A.*, por non ter adoitado a empresa as mínimas medidas preventivas esixibles.

Enlace á sentenza de marzo do 2016:

<http://www.poderjudicial.es/search/doAction?action=contentpdf&database=matc&h=TS&reference=7633669&links=accidente%20de%20trabajo&optimize=20160405&publicinterface=true>

## O golpe de calor

Os síntomas do golpe de calor poden pasar desapercibidos ou atribuírse a outra causa, os primeiros síntomas son cansazo, dor de cabeza, mareos, náuseas e vómitos e sequedade da pel, entre outros. Se non se controla a tempo pode desembocar na perda da conciencia, nun colapso cardiorrespiratorio e ao final na morte.

Para previlo os médicos aconsellan evitar a exposición ao sol nas horas centrais do día e hidratarse moi ben.

### Como tratar os golpes de calor: primeiras medidas

Baixar a temperatura do corpo situando á persoa nun lugar fresco, á sombra e onde corra o aire, refrescar a súa pel con compresas, darlle masaxes para estimular a circulación cutánea, facerlle beber auga e sacarlle a roupa. Se presenta unha temperatura superior aos corenta graos, é aconsellable bañalo con auga fría ata que baixe algúns graos. Tan pronto se poida hai que acudir aos servizos de urxencia para revisar o seu estado.

## Podería aumentar o número de infeccións hospitalarias

O pleno do Parlamento Europeo (PE) advertiu que as políticas de recortes con consecuencias de redución do persoal de limpeza nos hospitais, están a provocar un incremento no número de infeccións que contraen os cidadáns europeos cando están ingresados, podéndose evitar entre un 20% e un 30% das mesmas con maior prevención e hixiene e mellores condicións de salubridade.



## Bisfenol A

A *Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria* (EFSA, polas súas siglas en inglés), influída polo grupo de presión que integra aos fabricantes europeos de plástico, o lobby *Plastics Europe*, que conta cun grupo específico para defender o Bisfenol A, en contra do que se prevía decidiu o ano pasado que a exposición ao bisfenol non representaba un risco para a saúde dos consumidores. Decisión esta que fai tres semanas foi rectificada en parte pola petición expresa de Holanda, cuxo Instituto de Saúde Pública presentou dous estudos sobre os efectos prenatais e perinatais do BFA sobre o sistema inmunitario, decidindo a EFSA constituír un grupo de traballo de expertos internacionais para avaliar os achados científicos dos estudos holandeses, que recomentan promover a investigación en produtos alternativos ao BPA e aconsellar aos consumidores que reduzan a súa exposición a este perturbador endocrino.



EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral



[www.cigsaudelaboral.org](http://www.cigsaudelaboral.org)  
Secretaría Confederal de  
Negociación Colectiva  
e Saúde Laboral  
Rúa Gregorio Espiño 47, Entrechán  
36205 Vigo  
Tlf: 986 262 679. Fax 986 262 781

Gabinete Técnico Confederal de  
Saúde Laboral. Ferrol  
Rúa Eduardo Pondal 41/43 entrechán  
15403 Ferrol  
Tlf: 981 359 449. Fax: 981 359 449  
[saudelaboral@realizaciz.net](mailto:saudelaboral@realizaciz.net)

